

INFORMACIÓN

Teléfono 016 atención gratuíta e profesional, 365 días do ano e que deriva a túa chamada de emerxencia ao 112.

900 116 016 Teléfono de texto (DTS), se tes discapacidade auditiva ou da fala.

900 400 273 Teléfono da muller, que conta con unha equipa de atención multidisciplinar as 24 horas do día.

APP DE AGRESIÓN OFF información útil para saber onde dirixirse e información no caso de sufrir unha agresión sexual.

sen o meu SINON

PARA DENUNCIAR:

092 Policía Local

091 Policía Nacional

112 Emerxencias



A violencia sexual é:

“ Todo acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as acción para comercializar ou empregar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar ou o lugar de traballo”

Organización Mundial da Saúde (2009)

Delitos contra a liberdade sexual máis frecuentes:

AGRESIÓN SEXUAL

Uso da **intimidación ou violencia** para manter un contacto sexual non desexado.

ABUSO SEXUAL

Aproveitarse da situación de **vulnerabilidade** dunha persoa , dunha situación de **poder ou abuso de confianza e proximidade** para manter contactos sexuais

LEMBRA!! É SEMPRE PRECISO
o consentimento

[acordo activo para participar nun acto sexual]

NON é consentimento...

- ... non dicir non de xeito explícito non significa sí.
- ... o silencio, non responder, indecisión ou dicir “ non”.
- ... estar baixo os efectos das drogas, incluíndo nelas o alcohol, en situación de inconsciencia, durmindo ...
- ... un si pode tornar en non en calquera momento.
- ... para a penetración o consentimento para bicarse ou tocar.
- ... o si de hoxe, non é un bono para cando ti queiras.
- ... cando hai unha situación de superioridade ou poder sobre a outra persoa.
- ... o xeito de vestir dos demais non implica que queiran ter nada contigo.
- ...se é menor de 16 anos ou presenta unha discapacidade psíquica.
- ... que insistas e insistas ata acadar o sí.

Se ollamos atentamente ao noso redor, veremos cantas formas de violencia sexual nos pasan desapercibidas. As mulleres recibimos continuas agresións sexuais que van dende os “piropos”, ata tocamentos sen permiso ou a violación.

PONLLE FREO a estas condutas sutís que alimentan a cultura da violación.

Se alguén che toca, se aproxima demasiado... e isto te incomoda faillo saber inmediatamente, sexa coñecido ou non, ti sabes perfectamente o que che molesta e so **ti decides sobre o teu corpo. Vive a túa sexualidade libremente, con quen e cando ti decidas.**

Non limites a túa vida, limita o que non che agrada, quen te quere tratarate con **respeto a ti e as túas decisións**, non é non!

Se te atopas nunha situación de agresión berra **“lume”** para que a xente che preste atención.

Se alguén te incomoda ou acosa conta o acontecido, busca **axuda e apoio** nas túas amizades e familia.

[Nunca o dubides:
ti non es culpable, é a persoa que agrede!
Nada xustifica unha agresión!!!]

respecto!!

Lembra que ninguén che pediu opinión sobre o seu corpo; broma é cando tod@s rimos.

CO MACHISMO, nin de broma!!!!

Se consideras que alguén está en perigo preguntalle se está ben, facer que non ves non é a solución senón complicidade coa violencia machista.

non á COMPLICIDADE coa violencia machista!!

Lembra que a noite, as festas e a rúa non son un coto de caza, non podemos limitar e rachar a vida das persoas nin podemos decidir polos demais.

NON TODO VALE!!

Crea relacións sas con tódalas persoas respectando a súa diversidade, identidade e a súa orientación sexual.

cada quen LIDERA A SÚA VIDA!

se **SUFRICHES** unha **AGRESIÓN:**

- Non cambies a roupa nin te laves xa que podes eliminar probas.
- Busca a compañía dunha persoa de confianza que poida estar contigo.
- Ponte en contacto cos corpos de seguridade.
- Acode ao hospital ou centro de saúde máis próximo para o recoñecemento e a elaboración dun parte de lesións para que presentes no momento de formular a denuncia.
- DENUNCIA!!** Axúdате e axuda, maña pode ser calquera outra. Se así o decides no propio hospital chamarán aos corpos de seguridade.
- Le a denuncia con atención e asina cando esteas de acordo.